

Capela de San Xes

010028

Datos de Localización

Capela

Nomenclator:	3200501
Coord. UTM:	X: 600443 Y: 4640583
Concello:	Baltar
Parroquia:	ABADES
Lugar:	San Paio
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Capelas
Subtipo:	Capela



Denominación: Capela de San Xes

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Atópase ás aforas do núcleo e enclavada nunha paraxe natural. Lugar onde se celebra o 25 de agosto a festa en honor de San Xes, cunha procesión dende o cruceiro de San Paio ata a capela, dando tres voltas á edificación.

Ten planta rectangular dunha soa nave, muros de perpiaño e cuberta de tella do país a dúas augas. A fachada principal, consta de porta adintelada moldurada e decorada cunha venera, e flanqueada por ventás rectangulares. Os esquinais presentan basas con plinto e toro que se corresponden na parte superior cunha moldura horizontal. Sobre un frontón partido con aletas e pináculos piramidais, se levanta un remate de espadana con corpo moldurado e con dous arcos de medio punto, superado por frontón triangular con arco central e decorado con pináculos piramidais de bolas e cataventos de forxa sobre peaña de pedra. Nos laterais, ábrese cara zona do testeiro unha ventá rectangular. A cuberta do testeiro tamén vai decorada con pináculos.

A capela está rodeada por un muro de perpiaño co bordo semicircular. Este muro na zona en fronte da porta, ten un banco corrido.

A primeira referencia atópase no libro 4.1.1., sen fol.1669 "tiene quatro hermitas en que se dice missa que son una de San Juan, otra de San Martin, otra de San Gines y otra de San Sebastian"; sen Fol. 1783 [...] había una capilla con la adboacion de San Gines situada en una aspera sierra entre dehesa y matarrales profanada de Ganados y otros Animales [...] se les concediese Licencia para haber de darla a paraxe con modo inmediato a la poblacion [...] se halla fenecida y acabada su obra. Volve aparecer no libro 4.1.5., no fol 9v., 1676 "Por quanto la hermita de san jines esta indecente [...] que los feligreses la compongan dentro de seis meses" e no fol.23, 1699. Visita. Só se citan tres ermidas: "san Gines que esta con poca decencia, otra de San Juan de Quintas y la otra de San Martín". As derradeiras están no libro 4.1.6:

Fol.56v., 1826-27-28. "360 rls nas festividades de San Ginés

lo restante de estas partidas lo invertio con el carpintero en el techo y reforma de la pared en la Capilla del Santo.

Fol.57, 1830 "Ay en esta Parroquia quatro Capillas situadas, una en el pueblo de Sn Martin con la misma advocion, otra en Quintá, advocacion de San Juan, otra Sn Ginés fuera del Pueblo de Sn Payo y otra en el mismo pueblo, advocacion Ntra Sra de la gracia, estas dos ultimas tienen su correspondiente dotacion la primera por averse constituido el pueblo a su debida decencia por un instrumento que suena en un libro viexo y anterior fol.95 y la segunda por algunos frutos que por cierta pieza recoge Francisco Piñeiro el Mozo dotados por su fundador".

Fol.87,1839 "560 rls para baldosar la capilla del San Gines al maestro cantero Benito Lois".

DOCUMENTACION:

- Ficha Inventario artístico.
- Ficha do Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica.
- A.H.D.OU.
 - ABADES, San Paio.
 - 4.1.1. Visitas (1668-1674).
 - 4.1.5. Visitas (1676-1820).
 - 4.1.6. Libro de primicias y fábrica (1679-1944).

Características Construtivas

- Plantas:** Baixa
- Edif. Anexas:**
- Mat. Fachada:** Granito
- Mat. Estrutura:** Granito e madeira
- Mat. Cuberta:** Tella
- Elementos singulare**
- Construtivos:**
- Decorativos:**

Delimitación do Ben e da contorna

- Situación:** Outros
- Area de Protección:** 100 m.

Protección

- Tipo de ben:** Inventariado
- Proposta de tipo de ben:**
- Estado de Tramitación:** Declarado
- Nivel de Protección Arq.:** Integral
- Proposta Nivel de Protección Arq.**
- Grao de Protección Arq.:** ----
- Proposta Grao de Protección Arq.** ----
- Xustificación da Protección:**
- Titularidade**
- Polígono:**
- Parcela:**

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Religioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Os peches de vanos e porta non son de materiais tradicionais; a porta é de chapa de aluminio e os vanos de aluminio dourado. A cuberta de tella é recente.

Bens Mobles







